



## COMISIÓN PERMANENTE DA XUNTA DA FACULTADE DE DEREITO DE OURENSE ACORDOS ADOPTADOS NA REUNIÓN ORDINARIA DO DÍA 26 DE XULLO DE 2018

### Acórdase por asentimento<sup>1</sup>:

1. Aprobar a acta da reunión ordinaria do día 6 de xuño de 2018.
2. Aprobar a reforma do calendario académico da Facultade de Dereito para o curso 2018-2019 en aplicación do art. 13 do Decreto 68/2018, do 21 de xuño.
3. Aprobar os horarios de recuperación da actividade docente inicialmente prevista para os días 5 e 6 de setembro de 2018.
7. En relación cos Traballos de Fin de Grao para o curso académico 2018-2019:
  - a) Fixar os prazos de entrega de solicitudes para a presentación e defensa pública do Traballo de Fin de Grao.
  - b) Manter a titorización e a proposta temática dos Traballos de Fin de Grao asignada nos cursos anteriores para o alumnado que se presente ao primeiro prazo (setembro) ou ao segundo prazo (novembro) dos períodos de defensa habilitados en cada curso académico.

Ourense, 26 de xullo de 2018



Concepción Martínez Martínez  
SECRETARIA DA FACULTADE DE DEREITO

DILIXENCIA para facer constar que os acordos adoptados na reunión ordinaria da Comisión Permanente da Xunta da Facultade de Dereito de Ourense, celebrada o día 26 de xullo de 2018, se publicaron oficialmente no taboleiro de anuncios da Facultade o día 27 de xullo de 2018.

Concepción Martínez Martínez  
Secretaria da Facultade de Dereito

Contra os presentes acordos, que non esgotan a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso de alzada, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación, ante o Consello de Goberno de acordo co disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

<sup>1</sup> Toda a documentación pode consultarse na Secretaría do Decanato.